

**Proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego para a cobertura temporal de prazas de ARQUITECTO/A TÉCNICO/A.
Sistema de selección: OPOSICIÓN.
Primeiro exercicio: CUESTIONARIO.**

“INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO EXAME”

1. O exame é de carácter obrigatorio e consiste en responder por escrito un cuestionario tipo test de 50 preguntas.
2. Cada pregunta tipo test ten 4 respostas alternativas, das que soamente 1 é a correcta.
3. Inclúense 5 preguntas de reserva que deberá responder cos mesmos criterios que a parte principal do cuestionario. Estas preguntas só serán computadas, na estrita orde na que aparecen formuladas, para o caso de que algunha das da parte principal sexa anulada, de oficio ou con base nalgunha reclamación, por observarse erros tanto no seu enunciado coma nas opcións das respostas dadas, duplicada ou outras circunstancias similares.
4. A proba será cualificada polo Tribunal de 0 a 10 puntos (a razón de 0,2 puntos cada resposta correcta), sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos (25 respostas correctas), para non quedar eliminado/a. As respostas falladas non ponderarán con coeficiente negativo.
5. Para a realización da proba dispónse dun tempo máximo de 60 minutos.
6. Sinalar a resposta correcta marcando a opción elixida cun “X”. Poderá anulala marcando cun círculo enriba da letra correspondente á resposta que se quere anular e seleccionando de novo cun “X” na resposta que se considere correcta. Considerarase como errónea aquela pregunta que conteña emendas ou riscaduras en máis dunha das opcións de resposta.
7. Unha vez iniciado o exame ningún/a opositor/a poderá abandonar a aula. Se o fai anularáselle o exame e recolleráselle o cuestionario.
8. Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Igualmente está prohibido copiar, falar e fumar. Calquera alteración destas normas será motivo de anulación do exame.
9. As persoas que necesiten un certificado de asistencia, poderán pedilo a calquera membro do Tribunal, e será expedido pola secretaria deste.
10. Cada aspirante introducirá no sobre pequeno, que se entregará antes do inicio da realización do exame, a ficha debidamente cuberta cos seus datos persoais e o número do código de identificación e procederá a pechalo. A continuación procederase á realización do exame. Finalizado o tempo de realización do exame ou ben antes de esgotalo se o/a opositor/a así o desexa, introducirá no sobre grande, que tamén lle será entregado antes do comezo do exame, o modelo coas respostas e o código de identificación e o sobre pequeno, procedendo a continuación a pechalo.

CUESTIONARIO DE 50 PREGUNTAS.

1. Non é un dereito fundamental...

- a) A liberdade relixiosa.
- b) O honor.
- c) O dereito de petición.
- d) O dereito a unha vivenda digna.

2. De conformidade co disposto no artigo 140 da Constitución Española, os municipios gozarán de personalidade xurídica plena e o seu goberno e administración corresponde ...

- a) **Aos seus respectivos Concellos, integrados polos alcaldes e os concelleiros.**
 - b) Aos seus alcaldes e concelleiros.
 - c) Ao alcalde e ao Pleno de cada un deles.
 - d) Aos seus respectivos concelleiros.
- 3. O Presidente da Xunta é politicamente responsable ante...**
- a) O Consello da Xunta.
 - b) O Goberno do Estado.
 - c) **O Parlamento de Galicia.**
 - d) As Cortes Xerais.
- 4. Segundo o artigo 49 da Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Ordenanzas locais apróbanse:**
- a) **Inicialmente, polo Pleno da Corporación.**
 - b) Inicialmente, polo Alcalde-Presidente da Corporación.
 - c) Definitivamente, pola Comisión Especial de Contas do municipio.
 - d) Ningunha das anteriores respostas é certa.
- 5. O servizo de recollida de residuos, segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:**
- a) Tan só é de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 20.000 habitantes.
 - b) Tan só é de prestación obrigatoria para os municipios de máis de 5.000 habitantes.
 - c) **É de prestación obrigatoria en todos os municipios, con independencia de súa poboación.**
 - d) Ningunha das anteriores afirmacións é correcta.
- 6. De conformidade co artigo 22.2 da Lei 39/2015 de 01 de outubro, o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución suspenderase nos seguintes casos:**
- a) Cando deba requirirse ao interesado para a emenda de deficiencias ou achega de documentos.
 - b) Cando se soliciten informes preceptivos a un órgano desta ou distinta Administración.
 - c) **Cando os interesados promovan a recusación en calquera momento da tramitación dun procedemento.**
 - d) Ningunha é correcta.
- 7. De conformidade co artigo 47.1 da Lei 39/2015 de 01 de outubro, os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:**
- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
 - b) Os que teñan un contido imposible.
 - c) Os ditados prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.
 - d) **Todas as respostas son correctas.**
- 8. Son montes públicos segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia:**
- a) Montes denominados de varas, abertales, de voces, de vocerío ou de fabeo.
 - b) Montes veciñais en man común.
 - c) **Montes patrimoniais.**
 - d) Ningunha das anteriores.
- 9. En relación coa valoración de terreos rústicos e instalacións agrarias, coa descrición dos distintos métodos de valoración e a súa aplicación e a valoración dos distintos tipos e categorías de solo. Segundo o artigo 36 do RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, cando o solo sexa rural aos efectos desta lei de conformidade co disposto na Disposición adicional sétima:**

- a) Os terreos taxaranse mediante a capitalización da renda anual real ou potencial, a que sexa maior, da explotación segundo o seu estado no momento ao que deba entenderse referida a valoración.
- b) As edificacións, construcións e instalacións, cando deban valorarse con independencia do solo, taxaranse polo método de custe de reposición segundo o seu estado e antigüidade no momento ao que deba de entenderse referida a valoración.
- c) As plantacións e os sembrados preexistentes, así como as indemnizacións por razón de arrendamentos rústicos ou outros dereitos, taxaranse conforme aos criterios das Leis de Expropiación Forzosa e de Arrendamentos Rústicos.

d) Todas as anteriores son correctas.

10. O artigo 40 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que a zona de afección da estrada:

- a) Está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de dominio público e exteriormente por dúas liñas paralelas a ditos límites e medidas horizontal e ortogonalmente desde eles, a unha distancia de dez metros no caso de autopistas, autovías e vías para automóviles.
- b) Está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas a elas e medidas horizontal e ortogonalmente desde as liñas exteriores da zona de dominio público, a unha distancia de cen metros no caso das autopistas, autovías e vías para automóbil.**
- c) Está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de dominio público e exteriormente por dúas liñas paralelas a ditos límites e medidas horizontal e ortogonalmente desde eles, a unha distancia de trinta metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.
- d) Está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada beira da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas a elas e medidas horizontal e ortogonalmente desde as liñas exteriores da zona de dominio público, a unha distancia de cincuenta metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

11. De acordo co artigo 6 do Decreto 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a Certificación Enerxética de Edificios na Comunidade Autónoma de Galicia, a validez do certificado de eficiencia enerxética será de:

- a) 6 anos.
- b) 5 anos.
- c) 10 anos.**
- d) Ningunha das anteriores.

12. O PXOM de Ribeira define a parcela mínima como:

- a) A superficie mínima de terreo que as Ordenanzas esixen para autorizar a edificación, aplicándose á superficie bruta da parcela.**
- b) A superficie mínima de terreo que as Ordenanzas esixen para autorizar a edificación, aplicándose á superficie neta da parcela.
- c) Calquera das anteriores.
- d) Ningunha das anteriores.

13. Segundo o artigo 92 da Lei 5/2016, do 04 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, son bens de interese cultural:

- a) Os hórreos anteriores a 1901.**
- b) Todos os cruceiros.
- c) Todos os petos de ánimas.
- d) Ningunha das anteriores.

14. Segundo o artigo 4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia, as estradas clasificaranse en:

- a) Autopistas, autovías, vías para automóbiles e estradas convencionais.
- b) Rede estruturante, rede complementaria e rede local.
- c) Rede estatal, rede autonómica, rede provincial e rede local.
- d) Ningunha das anteriores.

15. Segundo o artigo 6 do RDL 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, as marxes dos cauces están suxeitas, en toda a súa extensión lonxitudinal:

- a) A unha zona de servidume de cen metros de anchura, para uso público que se regulará regulamentariamente.
- b) A unha zona de policía de cen metros de anchura na que se condicionará o uso do solo e as actividades que se desenvolvan.
- c) A e B son correctas.
- d) Ningunha das anteriores.

16. Segundo o artigo 8 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas:

- a) O informe de avaliación dos edificios terá unha vixencia de dez anos dende a data da súa elaboración, podendo os concellos establecer unha maior mediante ordenanza municipal.
- b) O informe de avaliación dos edificios terá unha vixencia de cen anos dende a data da súa elaboración, podendo os concellos establecer unha menor mediante ordenanza municipal.
- c) O informe de avaliación dos edificios terá unha vixencia de cinco anos dende a data da súa elaboración, podendo os concellos establecer unha maior mediante ordenanza municipal.
- d) O informe de avaliación dos edificios terá unha vixencia de dez anos dende a data da súa elaboración, podendo os concellos establecer unha menor mediante ordenanza municipal.

17. De acordo co establecido na Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia:

- a) Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou das vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e achegaralle á súa solicitude a certificación final de obra e a demais documentación que, de ser o caso, esixa o concello competente.
- b) A Administración, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificarlla á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, que contarán desde a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.
- c) A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, do saneamento, da electricidade, do gas, das telecomunicacións e doutros servizos comunitarios.
- d) Ningunha das anteriores.

18. De acordo con anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, as distancias mínimas que deberán de respectar as novas repoboacións forestais co solo urbano, de núcleo rural e solo urbanizable será de:

- a) 2 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e 50 metros no resto de especies.
- b) 15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e 50 metros no resto de especies.
- c) 50 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I e 2 metros no resto de especies.
- d) Ningunha das anteriores.

19. Son categorías de espazos naturais protexidos segundo a Lei 5/2019, do 02 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia:

- a) Monumento natural.
- b) Humedal protexido.
- c) Espazo protexido Rede Natura 2000.
- d) Todas as anteriores son correctas.

20. De acordo co artigo 41 da Lei 21/2013, do 09 de decembro, de avaliación ambiental, o órgano ambiental, unha vez finalizada a análise técnica do expediente de avaliación ambiental, formulará:

- a) O documento de alcance.
- b) O estudo de impacto ambiental.
- c) A declaración de impacto ambiental.
- d) Ningunha das anteriores.

21. Segundo o artigo 75 da Lei 5/2016, do 04 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as rutas dos Camiños de Santiago que sexan incluídas na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco terán a consideración de:

- a) Bens catalogados.
- b) Territorios históricos.
- c) Bens de interese cultural.
- d) Ningunha das anteriores.

22. O PXOM de Ribeira clasifica o solo en algunha das seguintes clases:

- a) Urbano e urbanizable.
- b) Urbano, urbanizable, de núcleo rural e rústico.
- c) Urbano e rústico.
- d) Urbano, non urbanizable e de núcleo rural.

23. O artigo 28 do Real Decreto Lexislativo 7/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana comprende a:

- a) A formación de fincas e parcelas.
- b) Definición de solo urbano consolidado.
- c) Declaración de obra nova.
- d) Todas as anteriores son correctas.

24. O artigo 35 da Lei 2/2016 do solo de Galicia comprende:

- a) Usos e actividades en Solo Rústico.
- b) Usos do Solo de núcleo Rural.
- c) Categorías de Solo Urbano.
- d) Todas as anteriores son incorrectas.

25. O artigo 40 da Lei 2/2016 do solo de Galicia comprende:

- a) Condicións xerais das edificacións en Solo Rústico.
- b) Edificacións existentes de carácter tradicional.
- c) Límites de sostenibilidade.
- d) Normas de calidade ambiental e paisaxística.

26. Segundo o disposto polo artigo 89.1 da Lei 2/2016 malia a obrigatoriedade da observancia dos plans, poderán autorizarse usos e obras de carácter provisional nas seguintes clases de solos:

- a) Solo urbano, solo urbanizable e terreos afectados a sistemas xerais.
- b) Solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados a sistemas xerais.
- c) En calquera clase de solo a condición de que se renuncie ao aumento do valor expropiatorio.

- d) Os usos e obras provisionais fomentan o coñecido como feísmo e por iso foron erradicados tanto pola Lei do Solo de Galicia como polo seu Regulamento.

27. Segundo o disposto polo artigo 142.5 da Lei 2/2016 do solo de Galicia

- a) Poderán presentarse comunicacións previas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.
- b) Non poderán presentarse comunicacións previas de primeira ocupación parciais.
- c) Poderán presentarse comunicacións previas de primeira ocupación aínda que a obra non estea rematada por cuestións de accesibilidade universal.
- d) As primeiras ocupacións están sometidas ao trámite de licenza.

28. Segundo establece o artigo 143.3 da Lei 2/2016, quen responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nos proxectos obxecto de licenza?

- a) O autor/a do proxecto.
- b) Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire carácter de documento público, polo tanto responde o concello en cuestión.
- c) Solidariamente o colexio profesional e o autor/a do proxecto.
- d) O colexio profesional.

29. Segundo o disposto polo artigo 147.1 da Lei 2/2016, os actos suxeitos a licenza e comunicación previa, que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, salvo os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

- a) É falso, por seren administracións públicas están exentos da obtención da licenza.
- b) Soamente nos casos de intervencións en solo urbano.
- c) Soamente nos casos de intervencións en equipamentos públicos.
- d) É correcto.

30. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, salvo que o concello declarase a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

31. Segundo o artigo 19 da Lei 1/2021 de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, sen prexuízo da utilización dos instrumentos de ordenación urbanística e dos establecidos na lexislación sectorial que rexe as diversas actividades con impacto territorial, a ordenación do territorio de Galicia realizarase a través dos seguintes instrumentos:

- a) Directrices de ordenación do territorio.
- b) Plans territoriais.
- c) Plans sectoriais.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

32. Segundo o artigo 8 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, son instrumentos para asegurar unha idónea protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia:

- a) Catálogos da paisaxe de Galicia.
- b) Directrices da paisaxe.

- c) Estudos de impacto e integración paisaxística.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

33. Segundo o artigo 23 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia:

- a) No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia suprímese con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial.
- b) No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia suprímese con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento condicionada a unha comunicación previa de obra menor.
- c) No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia unicamente cando a lexislación sectorial o determine suprímese con carácter xeral a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento.
- d) Todas son incorrectas.

34. Segundo o artigo 19 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos:

- a) A declaración de ineficacia dunha comunicación previa non impide dende o momento da súa notificación á persoa titular da actividade ou do establecemento o exercicio daquela ou a apertura deste.
- b) A declaración de ineficacia dunha comunicación previa impide, dende o momento da súa notificación á persoa titular da actividade ou do establecemento, o exercicio daquela ou a apertura deste.
- c) A declaración de ineficacia dunha comunicación previa non impide dende o momento da súa notificación á persoa titular da actividade ou do establecemento o exercicio daquela ou a apertura deste si a persoa titular da actividade presenta unha declaración responsable xustificando o cumprimento da normativa aplicable.
- d) Todas son incorrectas.

35. A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia:

- a) Ten por obxecto establecer no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, o réxime xurídico dos espectáculos públicos e actividades recreativas que se celebren en establecementos ou espazos abertos ao público, sempre que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma.
- b) Ten por obxecto establecer no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, o réxime xurídico dos espectáculos públicos, actividades recreativas así como as efectuadas no exercicio dos dereitos fundamentais de reunión e manifestación, que se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma.
- c) Ten por obxecto establecer no marco das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, o réxime xurídico dos espectáculos públicos e actividades recreativas que se celebren en establecementos ou espazos abertos ao público, sempre que se avise á Consellería competente cunha antelación de 72 horas e se desenvolvan integramente no territorio da Comunidade Autónoma.
- d) Todas son incorrectas.

36. Segundo o artigo 8 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación, son axentes da edificación:

- a) Os axentes da edificación dependen da lexislación da cada Comunidade Autónoma.

- b) Todas as persoas, físicas ou xurídicas, que interveñen no proceso da edificación, e a súas obrigas veñen determinadas polo disposto nesta Lei e demais disposicións que sexan de aplicación e polo contrato que orixina a súa intervención.
 - c) Unicamente a persoa, física ou xurídica, pública ou privada, que, individual ou colectivamente, decide, impulsa, programa e financia, con recursos propios ou alleos, as obras de edificación para si ou para a súa posterior enaxenación, entrega ou cesión a terceiros baixo calquera título.
 - d) Todas son incorrectas.
- 37. Segundo o artigo 6 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación, a recepción da obra deberá consignarse nun acta firmada, polo menos, por:**
- a) O promotor e o director da obra.
 - b) O promotor, o director da obra e o director de execución da obra.
 - c) O promotor e o construtor.
 - d) O construtor e o director da obra.
- 38. É obrigatorio obter o visado colexial, segundo o artigo 2 do Real Decreto 1000/2010, do 05 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio:**
- a) Dun instrumento de planeamento.
 - b) Dun certificado de eficiencia enerxética.
 - c) Dun proxecto de execución de edificación.
 - d) Dunha memoria de segregación dunha parcela.
- 39. As persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións, segundo o artigo 11 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, deberán dispoñer de:**
- a) Un informe elaborado a partir de medicións realizadas nos locais nos que se pretenda desenvolver a actividade, en todo caso.
 - b) Un informe elaborado a partir de medicións realizadas nos locais nos que se pretenda desenvolver a actividade, salvo que fagan constar expresamente que ditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB.
 - c) Un proxecto de execución que xustifique o cumprimento da normativa acústica de aplicación.
 - d) Un recurso de prevención acústica, localizable no horario de apertura da actividade.
- 40. Un proxecto básico debe conter polo menos, segundo o Anexo I da Parte I do Código Técnico da Edificación, que se aprobou mediante Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo:**
- a) Planos de estrutura.
 - b) Orzamento detallado.
 - c) Descrición do sistema envolvente.
 - d) Xustificación da seguridade en caso de incendio.
- 41. É un criterio de aplicación en edificios existentes, segundo a introdución do documento básico HE, de aforro de enerxía (DH-HE), o/a:**
- a) Non empeoramento.
 - b) Flexibilidade.
 - c) Reparación de danos.
 - d) Todas as respostas son correctas.
- 42. O aparcamento de vehículos dunha vivenda unifamiliar é un local de risco baixo, segundo o apartado 2 da Sección SE 1 do documento básico DB SE:**
- a) Dependendo da súa superficie.
 - b) Dependendo do seu volume.

- c) Dependendo do número de vehículos que se poidan estacionar.
- d) **En todo caso.**

43. Os establecementos que estean integrados nun edificio cuxo uso previsto principal sexa distinto do seu, deben cumprir que as súas saídas de uso habitual e os percorridos ata o espazo exterior seguro estarán situados en elementos independentes das zonas comúns do edificio, segundo o apartado 1 da Sección SE 3 do documento básico DB SE:

- a) Dependendo da súa ocupación.
- b) **Dependendo do seu uso e superficie.**
- c) Dependendo do seu volume.
- d) En todo caso.

44. Segundo os criterios xerais de aplicación da Introducción do documento básico DB SUA, cando un cambio de uso afecte unicamente a parte dun edificio ou cando se realice unha ampliación a un edificio existente, este DB:

- a) **Deberá aplicarse a dita parte.**
- b) Deberá aplicarse a todo o edificio.
- c) Deberá aplicarse cando se modifican os itinerarios accesibles.
- d) Non é de aplicación.

45. As ramplas que pertencen a itinerarios accesibles, segundo se desprende do apartado 4.3.1. da Sección SUA 1 do documento básico DB SUA:

- a) Terán unha pendente, como máximo, do 10% cando a súa lonxitude sexa menor que 3 m.
- b) Terán unha pendente, como máximo, do 80% cando a súa lonxitude sexa menor que 6 m.
- c) Terán unha pendente, como máximo, do 6% cando a súa lonxitude sexa maior ou igual que 6 m.
- d) **Todas as respostas anteriores son correctas.**

46. O programa mínimo dunha vivenda, segundo o punto A.2.3. do Anexo I do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, constará como mínimo de:

- a) **Unha estancia, unha cociña, un cuarto de baño, un lavadoiro, un tendedero, e un espazo de almacenamento.**
- b) Dúas estancias, unha cociña, un cuarto de baño, un aseo, un lavadoiro, e un espazo de almacenamento.
- c) Dúas estancias, unha cociña e un cuarto de baño.
- d) Unha estancia, un salón, unha cociña, un cuarto de baño, un lavadoiro, e un espazo de almacenamento.

47. As instalacións térmicas incluídas no ámbito de aplicación do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE), deben executarse sobre a base dunha documentación técnica que, en función da súa importancia, debe adoptar unha das seguintes modalidades, segundo o artigo 15 da parte I do Anexo do RITE, que se aprobou mediante Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo:

- a) Proxecto ou memoria técnica, dependendo da potencia térmica nominal da instalación.
- b) **Proxecto, memoria técnica ou non é preceptiva a entrega de documentación, dependendo da potencia térmica nominal da instalación.**
- c) Proxecto ou memoria técnica, dependendo da eficiencia enerxética da instalación.
- d) Proxecto ou non é preceptiva a entrega de documentación, dependendo da eficiencia enerxética da instalación.

48. O produtor de residuos de construción e demolición deberá cumprir coa seguinte obrigaón, segundo o artigo 4 do Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produón e xestión dos residuos de construción e demolición:

- a) Dispoñer dun estudo de xestión de residuos de construción para a súa revisión polo coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra.
- b) Entregar á autoridade laboral un estudo de xestión de residuos, previo ao comezo da obra.
- c) **Incluír no proxecto de execución da obra un estudo de xestión de residuos de construción e demolición.**
- d) Debe elaborar un estudo de xestión de residuos, para depositalo no colexio profesional correspondente.

49. Elaborará o Plan de seguridade e saúde no traballo, segundo o artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción:

- a) O proxectista.
- b) **O contratista.**
- c) O coordinador de seguridade e saúde.
- d) O director da obra.

50. O Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais que se aprobou mediante Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, segundo o seu artigo 2.2, aplicarase aos almacenamentos de calquera tipo de establecemento, tendo en conta:

- a) **A súa carga de lume total.**
- b) A súa superficie.
- c) O seu volume.
- d) A súa lonxitude.

PREGUNTAS DE RESERVA

51.- Como se estrutura o Estatuto da Comunidade Autónoma de Galicia?

- a) Nun Título Preliminar, catro títulos e 4 disposicións adicionais.
- b) Nun Título Preliminar, cinco títulos, 3 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias.
- c) **Nun Título Preliminar, cinco títulos, 4 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias.**
- d) Nun Título Preliminar, cinco títulos, 4 disposicións adicionais e 6 disposicións transitorias.

52.- De conformidade co artigo 3 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, non son entidades locais territoriais:

- a) O municipio
- b) **As comarcas.**
- c) A provincia.
- d) A illa nos arquipélagos balear e canario.

53.- A zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, segundo o artigo 23.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, medida terra dentro desde o límite interior da ribeira do mar, recaerá sobre unha zona de:

- a) 500 metros.
- b) **100 metros.**
- c) 30 metros.
- d) 6 metros.

54.- Na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, segundo o artigo 25.1 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, estarán prohibidas as edificacións destinadas a:

- a) Industrias.
- b) Comercios.
- c) Residencia ou habitación.
- d) Todas as anteriores son correctas.

55. Cal das seguintes atribucións non corresponde ó Pleno?

- a) Exercer a xefatura da Policía Municipal.
- b) O control e fiscalización dos órganos de goberno.
- c) A aprobación da Relación de Postos de Traballo.
- d) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.